



O Pequeno Circo de Nadal volve a Rianxo!

Praza de Castelao. Dende o mércores 27 ao sábado 30 de decembro de 2017 e os días 2 e 3 de xaneiro de 2018.

Entren! Vaian pasando!

Achéguense ao espectáculo, nenas e nenos, damas e cabaleiros!

O **Concello de Rianxo** ten a inmensa honra de presentar, por segundo ano consecutivo, a programación "**Pequeno Circo de Nadal**"; unha proposta que parte dun fermoso teatriño instalado na carpa da **praza de Castelao** e que ofrece **actividades que se espallan polas rúas, as prazas, as tendas, os comercios, os bares**, e que levan a felicidade porta por porta, **parroquia por parroquia!**

Entren! Vaian pasando!

Aquí poderán atopar **cantantes de panxoliñas, contacontos, gaiteiros, mariñeiras, elfos máxicos, teatreiros, obradoiros, pasarrúas, manualidades** e os mellores espectáculos pensados **para desfrutar en familia!**

Este ano con **máis contidos, máis días e novidades moi interesantes** como unha grande cantada colectiva de panxoliñas e cantos populares e de taberna para o venres 29, ou diversos espectáculos de danza, contacontos ou sombras chinesas todos os seráns da programación.

MÉRCORES 27 DE DECEMBRO

10:00 Apertura da Carpa do Pequeno Circo de Nadal.

Decoración con pintura ao vivo e decoración vexetal da man dos elfos de Papá Noel, tripulantes da carpa do Pequeno Circo de Nadal!

OBRADOIRO. Decora a carpa con nós.

Faremos unha presentación dos habitantes da carpa e animaremos ás asistentes a decorar a que será a nosa casa conxunta durante todos os días que dure a nosa singradura en Rianxo.



11:30 Pasarrúas FLASHTOP CHRISTMAS

A familia circense volverá percorrer as rúas de Rianxo tenda por tenda, local por local, cafetería por cafetería, bar por bar para felicitar o Nadal e comunicar a chegada do noso Pequeno Circo de Nadal, repartindo o material de man e programas do festival PEQUENO CIRCO DE NADAL.

12:30 Obradoiros simultáneos

Xogos analóxicos (de 9 a 99). Ven xogar connosco aos xogos populares da época analóxica.

A pita, a corda, a liga, o pano, o pinchacarneiro, xigantes e ananiños, o coche, a pita cega, a serpe e o que se nos ocorra!

Coroa vexetal de Nadal (de 6 a 99). Deseña un fermoso colgarelo feito con elementos vexetais

Mantel de Nadal (de 3 a 99). Pinta e coloreas diferentes e fermosos debuxos sobre un lenzo en branco!

13:30 RING DE CONTACONTOS do Pequeno Circo de Nadal

Unha das novidades deste Pequeno Circo de Nadal 2017-2018 reside na creación dun RING DE CONTACONTOS no que participarán todos os membros do Pequeno Circo de Nadal e todas as persoas que queiran participar, tanto como espectadores, coma de narradores, nunha proposta moi interactiva con contos.

Trátase dun taller de improvisación teatral arredor de contos populares de todos os tempos e todos os continentes cun especial aire de Nadal.

17:00 Pasarrúas FLASHTOP CHRISTMAS por Rianxo

A familia circense volverá percorrer as rúas de Rianxo tenda por tenda, local por local, cafetería por cafetería, bar por bar para felicitar o Nadal e comunicar a chegada do noso Pequeno Circo de Nadal. Viva, viva, viva !!!!

18:00 Obradoiros simultáneos 1

Xogos analóxicos (de 9 a 99)

Coroa vexetal de Nadal (de 6 a 99). Deseña un fermoso colgarelo feito con elementos vexetais

Mantel de Nadal (de 3 a 99). Pinta e coloreas diferentes e fermosos debuxos sobre un lenzo en branco!

19:30 Espectáculo infantil: MARÍÑEIRAS!



As actrices Cris Collazo e Sonia García interpretan MARÍÑEIRAS, unha proposta cunha

interesante posta en escena da man de "La Canalla Moda" e que ensinará aos máis pequenos e pequenas as dificultades de botarse ao mar. Un espectáculo infantil estupendo para abrir unha programación infantil nunha vila con tanto vencello co mar como é Rianxo.

Marin~eiras son Marin~a e Rocha, mulleres ancoradas na beira do mar. O son~o de Marin~a e' ser patroa e durante sete di'as consecutivos adicaranse a superar as probas necesarias para acadalo. A trave's destes dous personaxes e do fi'o condutor amo'sase a loita interna no proceso de acadar o seu obxectivo na vida: levar o seu propio temo'n. Marin~a e Rocha son as du'as metades, en loita, dunha mesma muller.

Tra'tase dun especta'culo interactivo que versa sobre a vida marin~eira e a aprendizaxe do oficio do mar; deste xeito o pu'blico asistente mergullarase nos rumbos que mostran as protagonistas; en cantigas marin~eiras, nas partes dunha embarcacio'n, na xerga marin~eira, cartografi'a... Todo en clave de humor, mu'sica e forza das mulleres.

XOVES 28 DE DECEMBRO

11:00 Pasarrúas FLASHTOP CHRISTMAS

A familia circense volverá percorrer as rúas de Rianxo tenda por tenda, local por local, cafetería por cafetería, bar por bar para felicitar o Nadal e comunicar a chegada do noso Pequeno Circo de Nadal, repartindo o material de man e programas do festival PEQUENO CIRCO DE NADAL.

12:30 Obradoiros simultáneos 2

Taller de Arte creativa (3 a 99). Un taller de arte con moita moita imaxinación, da man de Alejandra Tomé, licenciada en Belas Artes.

Taller de xogos con pelota: brilé//balón prisioneira//bolos humanos//tutti frutti (6 a 99)

Taller de Papiroflexia (6 a 99) Aprende a facer unha paxariña, un avionciño, unha rá ou mesmo un papá Noël coa técnica do origami. Habará tamén troquelados para pintar, recortar, decorar e armar o teu papá Noël ou o teu apalpador!

13:30 KARAOKE do Pequeno Circo e Nadal

Ven cantar connosco as panxoliñas máis populares acompañada/o dos teus elfos, que farán coreografías para que te sintas como unha auténtica estrela do Nadal!



17:00 Pasarrúas FLASHTOP CHRISTMAS dende o barrio da Martela á carpa do "Pequeno Circo de Nadal".

A familia circense volverá percorrer as rúas de Rianxo tenda por tenda, local por local, cafetería por cafetería, bar por bar para felicitar o Nadal e comunicar a chegada do noso Pequeno Circo de Nadal. Bravo!!!!

18:00 Espectáculo infantil: A SALA DO CATAPÚN CHIM PÚM!!



A actriz palentina Erica González Miguel, coa súa Compañía "O Titiribaile" ofrécenos un particular xeito de narrar contos de todos os tempos dun xeito moi interactivo e orixinal, e que fai as delicias dos cativos.

Ao remate: Pasarrúas FLASHTOP CHRISTMAS dende a carpa do "Pequeno Circo de Nadal" ao Auditorio de Rianxo, onde dará comezo o espectáculo "Feo!" a cargo da Compañía "Caramuxo Teatro".

VENRES 29 DE DECEMBRO

Día do Nadal Tradicional!

Nesta xornada a temática do Pequeno Circo de Nadal xirará arredor das panxoliñas e a música tradicional. Ademais de contar cunha saba con panxoliñas e cantos populares e de taberna, ofreceranse diferentes obradoiros abertos para aprender as cancións, e contarase coa presenza de gaiteiros, cantareiros/as, e faremos unha quedada colectiva para cantarlle ao Nadal.

A temática dos obradoiros, ademais xirará arredor das figuras do Belén e do Apalpador.

11:00 Flashtop Christmas polas parroquias de Rianxo

As nosas personaxes de Nadal percorrarán todas as parroquias da vila para anunciar a súa chegada e levar a ledicia e a alegría casa por casa! Como un dos obxectivos da nosa programación é espallar a alegría por todos os recunchos do concello, desprazaremos as animacións parroquia por parroquia para que todo o mundo festexe con nós estas datas tan especiais!

17:00 h Obradoiros de manualidades:

-Constrúe e decora o teu Belén!

As protagonistas destes obradoiros serán as figuriñas do Belén, protagonistas da maioría das panxoliñas, co que ofreceremos diferentes tipos de Belén que os máis pequenos e pequenas poidan

armar para levar á súa casa.
-Pinta e colorea o teu Apalpador!

17:30 h Pasacorredoiras coa charanga "O Equipo B" dende o barrio da Martela á carpa do Pequeno Circo de Nadal



18:00 h Obradoiro de canto popular, cantos de taberna e panxoliñas con Nelson Quinteiro (todos os públicos)

19:30 Serán popular de nadal co grupo +CANTOS de Marín e Pontevedra acompañados pola Charanga "O Equipo B" e o acordeonista David Álvarez.

O grupo +CANTOS, dirixido por Nelson Quinteiro formado por case 50 persoas fretará dous autobuses dende Marín facendo escala en Pontevedra para traeren a Rianxo a alegría das súas coplas populares, tradicionais e de taberna, incluíndo, para a ocasión, un nutrido repertorio de panxoliñas.

Trátase dunha actividade posta en marcha de cara a recuperar o feito de cantar por cantar, rompendo os lindes entre a música popular, a música tradicional ou de taberna e reivindicando o aspecto lúdico de cantar en grupo para divertirnos.

Para darlle banda sonora contaremos co acordeonista David Álvarez e a charanga O EQUIPO B. Traeremos as letriñas das nosas cancións para que veñades cantar con nós. Todo o mundo está convidado!

Traede os instrumentos que queirades e quencede as vosas gorxas, porque vai ser ben bonito e ben soado!!!

SÁBADO 30 DE DECEMBRO

11:00 Flashtop Christmas polas parroquias de Rianxo

As nosas personaxes de Nadal percorreren todas as parroquias da vila para anunciar a chegada do Nadal e levar a ledicia e a alegría casa por casa!

17:00 Pasarrúas FLASHTOP CHRISTMAS polo barrio da Martela.

18:00 h Obradoiros simultáneos 3

- Baile dos elfos de Nadal
- Carta aos Reis Magos
- Postal de nadal

19:30 Espectáculo especial: O BOSQUE DE NADAL

Un espectáculo especial a cargo da Compañía Nelson Quinteiro, que arman unha bonita proposta de danza-teatro arredor do Nadal e os diferentes xeitos que hai de entendelo.



MARTES 2 DE XANEIRO

11:00 Pasarrúas FLASHTOP CHRISTMAS polas parroquias de Rianxo

A familia circense volverá percorrer as rúas de Rianxo tenda por tenda, local por local, cafetería por cafetería, bar por bar para felicitar o Nadal e comunicar a chegada do noso Pequeno Circo de Nadal, repartindo o material de man e programas do festival PEQUENO CIRCO DE NADAL.

17:00 Pasarrúas FLASHTOP CHRISTMAS dende o barrio da Martela á carpa do "Pequeno Circo de Nadal".

18:00 Obradoiros simultáneos

19:30 Espectáculo especial: PEQUENO CABARET INFANTIL versión christmas



Un orixinal espectáculo para todas as idades que consiste na instalación dun vistoso teatriño. Colorido cabaret de ritmo desenfadado e alegre música para falar dos contos de toda a vida. Un espectáculo de ritmo frenético, moita interacción, sorpresas, da man de Pedriño Mendrugo e a súa Pulga Internacional, Jacinta Florette!

MÉRCORES 3 DE XANEIRO

11:00 XOGOS DINAMIZADOS na carpa do Pequeno Circo de Nadal

Ven xogar connosco aos xogos populares da época analóxica.

A pita, a corda, a liga, o pano, o pinchacarneiro, xigantes e ananiños, o coche, a pita cega, a serpe e o que se nos ocorra!

12:30 Obradoiros simultáneos

13:00 KARAOKE DE PANXOLIÑAS do Pequeno Circo e Nadal

17:00 Obradoiros simultáneos

18:00 EXHIBICIÓN DO BAILE DOS ELFOS!

19:30 Espectáculo especial: O SOÑO DO RATO

Fecharemos a nosa programación cun espectáculo moi especial a cargo da contacontos Olga de Abad e o seu fermoso espectáculo O SOÑO DO RATO, unha proposta que mediante sombras chinesas e moita interacción cóntanos unha trepidante aventura da man dunha pequena personaxe, o rato César, que ten o soño de viaxar no tren que transporta libros para a biblioteca. Unha historia onde a ilusión por coñecer será tan forte que vencerá os seus medos.

